

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

6375 *REAL DECRETO 325/2003, do 14 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, que regula o título profesional de especialización didáctica.* («BOE» 76, do 29-3-2003.)

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de novembro, de calidade da educación, no seu artigo 58, establece que para impartir as ensinanzas da educación secundaria, da formación profesional de grao superior e as ensinanzas de réxime especial, ademais das titulacións académicas correspondentes, será necesario estar en posesión dun título profesional de especialización didáctica, que se obterá trala superación dun período académico e outro de prácticas docentes, e encoméndalle ó Goberno a regulación das condicións de acceso a ámbolos períodos, así como os efectos do dito título e as demais condicións para a súa obtención, expedición e homologación.

Así mesmo, a citada Lei orgánica 10/2002, establece na súa disposición transitoria quinta que, nas materias para a regulación das cales remite a lei a posteriores disposicións regulamentarias, e mentres estas non sexan dictadas, serán de aplicación, en cada caso, as normas deste rango ata o de agora vixentes.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordeación xeral do sistema educativo, encomendáballe ó Goberno regular as condicións de acceso, o carácter e os efectos do título profesional de especialización didáctica que a citada lei lle esixía para impartir as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria, do bacharelato e da formación profesional específica. En cumprimento desta encomenda, logo de consulta ás comunidades autónomas, dictouse o Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, polo que se regula o citado título.

Por outro lado, as diferentes administracións educativas, en cumprimento da oferta de emprego público, están obrigadas a realizar as convocatorias de ingreso ós distintos corpos docentes, e a normativa pola que se rexen os citados procedementos esixe estar en posesión do título profesional de especialización didáctica.

Na disposición adicional primeira do Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, establecíase que as ensinanzas conducentes á obtención do título de especialización didáctica estarían implantadas con carácter xeral a partir do curso 1999/2000.

Posteriormente, mediante o Real decreto 321/2000, do 3 de marzo, modificouse, entre outras, a disposición adicional primeira do Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, establecendo que as ensinanzas conducentes ó título de especialización didáctica estarían implantadas con carácter xeral a partir do curso 2002/2003, así como que as ensinanzas conducentes á obtención do certificado de aptitude pedagóxica se poderían seguir organizando ata o curso 2001/2002.

Así mesmo, o Real decreto 835/2002, do 2 de agosto, estableceu no seu artigo primeiro dous que a xeneralización das ensinanzas conducentes ó título de especialización didáctica se debía producir antes do curso 2004/2005, e que se poderían seguir organizando ata o curso 2003/2004 as ensinanzas conducentes á obtención dos certificados de aptitude pedagóxica.

Ó non resultar posible a implantación xeral das ensinanzas conducentes á obtención do título de especialización didáctica e ata que non se desenvolva regulamentariamente o título de especialización didáctica conforme o artigo 58 da Lei orgánica 10/2002, de calidade da educación, resulta necesario modificar a disposición adicional primeira e as disposicións transitorias primeira, segunda e cuarta do dito Real decreto 1692/1995, na súa redacción dada polo Real decreto 321/2000, do 3 de marzo, pospoñendo a esixencia do título de especialización didáctica e prorrogando, así mesmo, as ensinanzas conducentes á obtención dos certificados de aptitude pedagóxica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e sobre este emitiu informe o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de marzo de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, polo que se regula o título profesional de especialización didáctica, na súa redacción dada polo Real decreto 321/2000, do 3 de marzo.*

Un. O número 3 da disposición adicional primeira do Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, queda redactado da seguinte forma:

«3. As ensinanzas conducentes á obtención do título de especialización didáctica estarían implantadas con carácter xeral antes do 1 de setembro de 2004.»

Dous. As referencias relativas ó curso 2001/2002 que aparecen contidas na disposición transitoria primeira do Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, sobre as ensinanzas conducentes á obtención do certificado de aptitude pedagóxica entenderanse referidas ó curso 2003/2004.

Tres. A disposición transitoria segunda do Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria segunda. *Especialidades de tecnoloxía, de psicoloxía e pedagogía e de formación profesional específica.*

A partir do 1 de setembro de 2005, farase efectiva a esixencia do título de especialización didáctica para impartir as ensinanzas correspondentes ás especialidades de tecnoloxía e de psicoloxía e pedagogía da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e das diferentes especialidades da formación profesional específica, así como para acceder ó corpo de profesores de ensino secundario nas especialidades mencionadas e ó corpo de profesores técnicos de formación profesional.»

Catro. A disposición transitoria cuarta do Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria cuarta. *Experiencia docente previa.*

1. A acreditación dunha experiencia docente previa durante dous cursos académicos completos, en centros públicos ou privados debidamente auto-

rizados, adquirida con anterioridade ó 1 de setembro de 2005, será recoñecida como equivalente para tódolos efectos ó título de especialización didáctica ou, se é o caso, á cualificación pedagóxica recoñecida como equivalente neste real decreto.

2. A experiencia docente previa adquirida a partir do 1 de setembro de 2005 non poderá substituí-lo título profesional de especialización didáctica ou, de se-lo caso, a cualificación pedagóxica recoñecida como equivalente neste real decreto.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 321/2000, do 3 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1692/1995, do 20 de outubro, que regula o título profesional de especialización didáctica, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto, que se dicta en uso da competencia exclusiva atribuída ó Estado no artigo 149.1.30.^a da Constitución, é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 14 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6378 *ORDE APA/691/2003, do 26 de marzo, pola que se modifican determinados prazos relativos ós programas de actividades previstos no Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, polo que se regulan as organizacións de operadores do sector oleícola.* («BOE» 76, do 29-3-2003.)

O Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, polo que se regulan as organizacións de operadores do sector oleícola, establece as condicións básicas para o financiamento dos programas de actividades, así como para a súa aprobación, en desenvolvemento do Regulamento (CE) 1334/2002 da Comisión, do 23 de xullo de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1638/1998 no que respecta ós programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola nas campañas de comercialización 2002/2003 e 2003/2004.

A última modificación do Regulamento (CE) 1334/2002 da Comisión, do 23 de xullo de 2002, prevé, entre outros aspectos, a prolongación das datas límites relativas ós programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola. En consecuencia, procede modifica-lo Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, adaptando ás previsións da normativa comunitaria o prazo de presentación da solicitude de finan-

ciamento dos programas, fixando como data límite a do 31 de maio de 2003, así como o prazo da súa aprobación, con data límite do 31 de xullo de 2003.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para establece-la súa necesaria adecuación á normativa comunitaria.

Esta disposición foi sometida a consulta das comunidades autónomas, das organizacións profesionais agrarias e dos sectores afectados.

Na súa virtude dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro.*

O Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, polo que se regulan as organizacións de operadores do sector oleícola, queda modificado da seguinte forma:

Un. O número 2 e o primeiro parágrafo do número 3 do artigo 7, quedan substituídos polos seguintes:

«2. As organizacións de operadores que desexen obter financiamento para os seus programas de actividades, incluído o financiamento nacional de se-lo caso, antes do 31 de maio de 2003 presentarán unha solicitude de financiamento para un só programa de actividades ante a autoridade competente para a súa aprobación provisional, e nela farán constar los datos establecidos no número 2 do artigo 5 do Regulamento (CE) 1334/2002.

3. A comunidade autónoma correspondente remitirá, coa antelación suficiente e como máis tarde antes do 1 xullo de 2003, as solicitudes e a copia da documentación achegada, correspondente ós programas aprobados provisionalmente por ela, á Dirección Xeral de Agricultura para que esta os eleve, xunto cos aprobados provisionalmente pola propia dirección xeral, á Comisión para a análise e o seguimento dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola.»

Dous. O número 5 do artigo 8, substitúese polo seguinte:

«5. A Comisión para a análise e o seguimento dos programas de actividades das organizacións de operadores do sector oleícola elevará unha proposta á Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, para que esta, antes do 31 de xullo de 2003, aprobe definitivamente os programas de actividades e determine o correspondente financiamento dos fondos, tanto comunitarios como nacionais.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ó abeiro da competencia exclusiva atribuída ó Estado polo artigo 149.1.13.^a da Constitución en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de marzo de 2003.

ARIAS CAÑETE